

## **Memoria xustificativa do convenio entre a Sociedade Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas España, S.A., a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas para a execución e explotación das actuacións de saneamento e depuración en Ponteareas**

### **1. Antecedentes**

O Concello de Ponteareas conta cun sistema de saneamento que integra o propio casco urbano, a franxa lonxitudinal da estrada N-120 (Xinzo y Arnosó) e as parroquias do barrio de Angoares.

A EDAR está deseñada para 13.000 habitantes-equivalentes con un sistema de aireación prolongada, ao límite da súa capacidade na época estival. Os caudais que lle chegan en tempo seco son totalmente desproporcionados, en ocasións sobrepasan a súa capacidade hidráulica, e ademais o proceso da EDAR non acada os parámetros de calidade exixibles para cumprira as condicións de vertido ao medio receptor. A EDAR linda co dominio público hidráulico do río Tea e ocupa parte da súa zona de servidume. Pola súa se orixinan vertidos de augas sen depurar en distintos puntos da rede de saneamento, ben por non ter capacidade para conducir todo o caudal que capta ou ben por estar en mal estado en algunha zonas. Para dar solución a problemática detectada, decidiuse ampliar e mellorar a EDAR e o sistema de saneamento.

Dita actuación foi declarada de interese xeral do Estado pola Disposición adicional centésima sexaxésima primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, baixo o título "Ampliación e mellorara da EDAR de Ponteareas. 1ª Fase.

Aguas de las Cuencas España S.A. (en adiante, ACUAES), es la Sociedade mercantil Estatal constituída para asumir a xestión directa da construción, execución e, no seu caso, a explotación da obra pública hidráulica. As súas relacións coa Administración do Estado se regulan mediante o correspondente Convenio de Xestión Directa, suscrito o 30.06.2014, e na súa Addenda nº 1 formalizada o 25.07.2017 e a Modificación nº 1, autorizada mediante acordo de Consello de Ministros de data do 15.11.2019, suscrita o 28.11.2019. Neste marco, como actuación a construír por ACUAES na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa atopase a actuación A.7.09.-EDAR DE PONTEAREAS.

O seu obxecto é ampliar e reformar a EDAR de Ponteareas, de maneira que o efluente depurado cumpra cos límites normativos fixados pola Directiva 91/271/CEE, así como a mellora e optimización do sistema de saneamento, reducindo as infiltracións que se producen na rede de colectores, e propiciando a captación e separación das augas non contaminadas, procedentes de escorrentías superficiais e fontes, do sistema de saneamento.

En atención, entre outras consideracións, aos proxectos redactados pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil - proxecto de mellora da EDAR da Moscadeira e proxecto de mellora da rede de saneamento no Concello de Ponteareas- e actualizados por ACUAES, o investimento inicialmente previsto para esta actuación ascende a 11.700.000 €, e estiman que o importe máximo do financiamento comunitario para esta actuación con cargo ao período de programación 2014-2020 no superará los 5.850.000 €.

En atención ao anterior. e no marco das súas funcións e competencias, ACUAES, Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas están interesadas na realización desta actuación, asumindo os compromisos e obrigas recollidas neste convenio. No que respecta a Augas de Galicia a súa participación consiste no outorgamento dunha subvención de capital para o financiamento do custo final da execución das obras, nos termos que se reflicten no convenio.



## 2. Obxectivos que se pretenden

No convenio establécense as estipulacións básicas da colaboración entre ACUAES, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontearreas para a construción e explotación das obras pertencentes á actuación A.7.09.- EDAR DE PONTEAREAS.

O obxectivo desta actuación é ampliar e a EDAR de A Moscadeira (Pontearreas), así como a mellora e optimización do sistema de saneamento, reducindo as infiltracións que se producen na rede de colectores, e propiciando a captación e separación das augas non contaminadas - procedentes de escorrentías superficiais e fontes- do sistema de saneamento, con obxectivo de permitir cumprir cos parámetros de calidade do medio receptor durante toda a vida útil da infraestrutura.

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A necesidade da colaboración e as razóns de oportunidade desta actuación veñen determinadas pola urxencia de dar resposta aos problemas detectados na EDAR e no sistema de Saneamento de Pontearreas (Pontevedra).

Esta actuación foi declarada de Interese Xeral do Estado e polo tanto é de competencia Estatal, e está recollida no Convenio de Xestión Directa suscrito para regular as relacións entre a Administración Xeral do Estado e Acuaes.

ACUAES é unha Sociedade Mercantil Estatal cuxo obxecto social é a contratación, construción e explotación, no seu caso, de toda clase de obras hidráulicas e o exercicio complementario de calquera actividades que deban considerarse partes ou elementos do ciclo hídrico e estean relacionados con aquelas; podendo, así mesmo, realizar estas actuacións coa colaboración dos beneficiarios das obras mediante o pago da contraprestación a convir e/ou a cooperación doutras Administracións interesadas nas mesmas.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle entre os principios reitores do exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de augas, o de contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular dos ecosistemas acuáticos, constituíndo un obxectivo primordial en materia de auga o de prever o deterioro do estado de todas as masas de auga coa finalidade de acadar o bo estado ecolóxico das mesmas. A actuación de Augas de Galicia tamén se rexe pola garantía de eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración, a solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e a coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de auga e obras hidráulicas.

A Augas de Galicia correspóndelle de conformidade coa antedita Lei de augas de Galicia, entre outras funcións, as relativas á participación nas obras de Interese Xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios a subscribir co órgano competente da Administración Xeral do Estado.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse



a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### 4. Estimación de custos e financiamento

O orzamento estimado do investimento ascende a once millóns setecentos mil (11.700.000 €), IVE excluído. O esquema financeiro do investimento, con arranxo ao cal se adoptan polas partes os compromisos que se establecen no convenio estrutúrase da seguinte forma:

- O 20% do importe do investimento, excluídos os gastos financeiros, ou no seu caso, ata un importe máximo de 2.340.000 €, será financiado por ACUAES con cargo aos seus recursos propios. Dita financiación deberá ser recuperada de forma actualizada dos usuarios (o Concello) mediante tarifas durante un período máximo de vinte cinco (25) anos a contar desde o inicio da explotación.
- O 50% do importe do investimento, excluídos os gastos financeiros, financiarse con cargo a fondos da Unión Europea correspondentes ao Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.
- Por achegas financeiras de Augas de Galicia, cunha achega fixa para o pagamento do custo final de execución de las obras de 2.340.000€, que será financiada con cargo á conta 6560 "Subvenciones de capital ao Estado" do Programa de Actuacións, Inversións e Financiamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia. A cantidade anterior representa a contribución financeira máxima de Augas de Galicia por todos os conceptos.

Augas de Galicia, aboará directamente á Sociedade Estatal as súas aportacións financeiras, logo, da correspondente solicitude por Acuaes (dúas en cada exercicio, unha antes do 31 de maio e outra antes do 30 de novembro). de conformidade co nivel de execución da obra da nova EDAR que se acredite mediante certificación. O calendario estimado das ditas achegas é o seguinte:

Anualidade	2022	2023	2024	TOTAL
Achega Augas de Galicia	468.000€	1.567.800€	304.200 €	2.340.000€



Se o nivel de execución das obras fose diferente ao estimado, as anualidades reaxustáranse automaticamente, adaptándoas ao ritmo de execución das obras dentro do prazo 2022-2025.

Augas de Galicia efectuará cada un dos pagos no prazo máximo dun mes desde a recepción da documentación xustificativa.

- O resto do importe do investimento e o 100% dos gastos financeiros e, no seu caso, o déficit de financiamento de fondos da Unión Europea, será financiado acudindo aos mercados financeiros, a través das correspondentes operacións de captación de recursos alleos por parte de ACUAES.

O custo das operacións financeiras e da súa amortización será recuperado por ACUAES do Concello de Ponteareas, mediante as tarifas que se fixan en la cláusula VI, durante un período máximo de 25 anos a contar desde o inicio da explotación.

No caso de que o Concello de Ponteareas efectuase achegas para financiar as obras durante a súa construción, ditas achegas terán carácter de tarifas anticipadas.

No caso de obterse financiamento adicional á prevista procedente de Fondos Europeos, as achegas de cada una de las partes serán minoradas na mesma porcentaxe en que se incrementen os fondos europeos.

As variacións a alza que se poidan producir no coste desta actuación, en ningún caso afectarán ao importe máximo das contribucións financeiras de ACUAES nin de Augas de Galicia.

No caso de ser necesaria a modificación ao alza do orzamento de investimento estimado na Cláusula I.c) será necesaria a subscripción dunha Addenda ao Convenio.

Malia que a primeira achega de Augas de Galicia se realice en 2022, este expediente non é de tramitación anticipada, debido a que a execución do convenio se prevé iniciar no exercicio 2021.

## 5. Vixencia do convenio

Prevese que o convenio entre en vigor o día seguinte á súa sinatura e que manterase vixente por un período de 25 anos desde o inicio da explotación e, en todo caso, ata o completo pago polo Concello de Ponteareas das cantidades comprometidas no mesmo.

O pago das cantidades comprometidas por Augas de Galicia suporá a extinción das obrigas asumidas por dita entidade, con independencia de que o convenio siga vixente con respecto das recíprocas obrigas de ACUAES e do Concello de Ponteareas.

As cláusulas do convenio responden a seguinte estrutura: *I. Obxecto; II. Obrigas das partes para a execución da actuación; III. Financiamento e forma de pago; IV. Custo do investimento; V. Explotación da obra; VI. Tarifas correspondentes ao Concello; VII. Dereito á información; VIII. Comisión de seguimento; IX. Modificación, vixencia e duración; X. Resolución; XI. Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes; XII. Xurisdición; XIII. Obrigas de ACUAES relacionadas coas medidas de información e publicidade do período de programación de Fondos Europeos 2014-2020; XIV. Publicidade.*

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia  
Teresa María Gutiérrez López  
(asinado dixitalmente)

